



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de setembro de dous mil dezaseis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado doce de setembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Xerencia Territorial do Catastro, remitindo acta da Comisión Mixta de Vixilancia e Control do Convenio de Colaboración en materia de xestión catastral entre a Dirección Xeral do Catastro e o Concello.

- Da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e voluntariado, Resolución de concesión de subvenión por importe de 3.000 euros para a realización de actividades dirixidas a xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas a xuventude.



- Da Demarcación de estradas do Estado, remitindo autorización para a instalación dunha estrutura desmontable sin laterais, na N-120, p.k. 594,477,marxen esquerdo, lugar onde se atopa ubicado a sede do G.E.S..

-De Miguel A. Chao Ornedo, remitindo informe relativo a facturación de subministros con Viesgo, unha vez realizadas as modificacións técnicas.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Orde do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos.-

Vista a Orde do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, e tendo en conta as bases recollidas nesta Orde, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéutico, de acordo coa memoria adxunta, comprometendose a cofinanciar o 20% do orzamento total.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2016.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2016, por importe de 53.724,42 euros, tarifa de depuración por importe de 10.374,70 euros, máis 6.422,66 euros de IVE, resultando un total de 70.521,78 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2016, por importe de 19.873,10 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.970,58 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 11.795,02 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de outubro e o 24 de novembro de 2016”.

TOMA DE COÑECEMENTO DE CONTRATO



Os membros da Xunta de Goberno Local, toman coñecemento do Contrato de suministro en arrendamento de equipos lumínicos de tecnoloxía Led + PLC, que se colocaran na Franqueiran, asinado pola Alcaldía con data 16 de setembro de 2016, coa empresa Airis Technology Solutions S.L..

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia